

O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, conmemórase a loita da muller pola igualdade, a súa participación na sociedade e o seu desenvolvemento íntegro como persoa.

A primeira celebración do Día Internacional da Muller tivo lugar o 19 de marzo de 1911 en Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, e desde entón a súa conmemoración foise estendendo a outros países.

Foi en 1914, en Alemaña, Suecia e Rusia, cando se conmemora por primeira vez, de maneira oficial, o 8 de marzo.

En España celebrouse por primeira vez no ano 1936.

E, en 1977, a Asemblea Xeral da ONU convidou a todos os estados a que proclamasen un día do ano como «Día das Nacións Unidas para os dereitos da muller e a paz internacional».

É o 8 de marzo de 2011 cando se celebra o primeiro "Día Internacional da Muller das Nacións Unidas".

"Este cerebro mío es más que meramente mortal, como el tiempo demostrará"

Ada Lovelace (Matemática)

"Me sobra valor"

Policarpa Salavarría (Espía)

*"Los niños deben ser educados sobre cómo pensar, no acerca de lo que deben pensar"

Margaret Mead (Antropóloga)

"No puedo amar a un hombre que me mande, como tampoco puedo amar a quien se deje mandar por mí"

Jacquette Delahaye (Pirata)

"Yo sola no puedo cambiar el mundo, pero puedo lanzar una piedra al agua para crear miles de réplicas"

Madre Teresa (Misionera)

"No nacemos como mujer, sino que nos convertimos en una"

Simone de Beauvoir (Filósofa)

"Las hijas también podemos ser heroicas"

Wang Zhenyi (Astrónoma)

"Mientras viva tendré control sobre mi propio ser"

Artemisia Gentileschi (Pintora)

Na Biblioteca podes atopar libros que falan sobre mulleres fascinantes que contribuíron e/ou seguen contribuíndo a facer deste mundo un lugar mellor, loitando, entre outras cousas, pola igualdade.

Algunhas das frases que aquí expoñemos, tamén podes lelas no libro "Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes: 100 historias de mujeres extraordinarias" que podes atopar na Biblioteca.



Muller tiñas que ser!!